

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 30 de setembro de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

Excmo. Sr. Alcalde  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez

**Invitados**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día trinta de setembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1112).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

**2(1113).- MODIFICACIÓN E PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR”. EXPTE. 115206/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 25.09.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, do 17.09.15, conformado polo asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, o

xefe de Área de dito Servizo, a concelleira delegada da Área de Política Social e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local (XGL) do Concello de Vigo acordou na súa sesión do 23.08.2013 adxudicar á entidade "Clece, S.A." o contrato de servizos do "Servizo de Axuda no Fogar" (SAF), por un prezo de 5.800.000 € (IVE incl.) e un prezo/hora de asistencia domiciliar de 12,67 €, sen IVE (Exp. nº 80269/301; BOP nº 205, do 24.10.2013).

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 20.09.2013, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de 2 anos, mediante dúas prórrogas dun ano cada unha, sempre que o contratista non se opuxese á mesma coa antelación estipulada: 5 meses antes da data de vecemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

I.4. A data efectiva de inicio deste contrato fixouse no 01.10.2013 (cláusula 4), polo que o acordo municipal de prórroga deberá producirse necesariamente antes desa data, dado que xuridicamente non resulta posible prorrogar un contrato xa finalizado.

I.5. Por outra banda, no PCAP (cláusula 32 e Apdo. 16.a] FEC) prevese, de acordo co TRLCSP (Arts. 105, 106, 108, 210, 211, 219 e ccdtes.) a posible modificación do contrato; en concreto, o aumento ou diminución do número de horas de prestación do SAF motivado polo aumento ou diminución das horas de prestación do servizo. En todo caso, esa eventual modificación contractual non podería superar o 30% do prezo do contrato (Apdo. 16.d] FEC).

I.6. Tramítase o expediente administrativo co nº 115206/301 (2015) do Servizo de Benestar Social e consta nel a seguinte documentación:

–Resolución da Concellería delegada da Área de Política Social de 9 de setembro de 2015, ordeando a incoación de expediente administrativo.

–Copia do contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a mercantil "Clece, S.A." e do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

–Escrito presentado no Rexistro xeral municipal o 06.08.2015 (doc. nº 150103086) polo representante de "Clece, S.A.", D. José Vicente Ortega Rey, solicitando a prórroga do contrato para o período comprendido entre o 01.10.2015 e o 30.09.2016.

I.7. Tramitouse anteriormente, no Exp. nº 104955/301, a revisión de prezos deste contrato por efecto da variación (negativa) do IPC no período agosto 2013 – setembro 2014, que foi aprobada na sesión ordinaria da XGL do 24.04.2015, quedando establecido en 12,65 €/hora.

## II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.

- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- TRLCSP (RDLex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Bases de execución do Orzamento xeral 2015 – Concello de Vigo.

### III. INFORME

*Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.*

#### III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

*III.1.1. De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).*

*III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).*

*Se na data indicada a Comunidade Autónoma non tivese asumido o desenvolvemento dos servizos da súa competencia ou, de ser o caso, non acordase a súa delegación, seguirán prestándose polo municipio pero a cargo da CA e, se esta non transferise as contías precisas, aplicarán-*

se as retencións nas transferencias que lle correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento.

*III.1.3. Sen prexuízo do anterior, e polo menos ata o 31.12.2015, os municipios deberán continuar prestando os mesmos servizos sociais e de promoción e reinserción social que antes da entrada en vigor da LRSAL. Con posterioridade a esa data poderían tamén prestar aqueles servizos sociais non englobados dentro do impreciso título de «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social», ben asumindo por delegación da Comunidade Autónoma a competencia en materia de servizos sociais, promoción e reinserción social (Art. 27.3.c] LRBRL e Disp. Transit. 2ª, apdo. 4, LRSAL), coas garantías implícitas agora en toda delegación desta natureza (financiamento, duración, cláusula de garantía de pagamento no exercicio das competencias delegadas ex Art. 57 bis LRBRL, etc.) ou ben exercéndoas como competencia distinta das propias e das delegadas previo cumprimento dos requisitos establecidos no novo Art. 7.4 da LRBRL.*

*III.1.4. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).*

*Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).*

### **III.2. MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DO SAF: XUSTIFICACIÓN.**

*III.2.1. Os contratos do sector público poderán modificarse por razóns de interese público pero só cando así se teña previsto nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no Art. 107 do TRLCSP, debendo detallarse de xeito claro, preciso e inequívoco as condicións nas que poderá facerse uso da mesma, así como o alcance e límites das modificacións que poden acordarse, con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ó que como máximo poidan afectar e o procedemento que debe seguirse para o efecto.*

*En calquera caso, a modificación non poderá instrumentarse coa finalidade de adicionar prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente (Arts. 105, 106 e 219 TRLCSP).*

*III.2.2. Como se indicou anteriormente, no PCAP (cláusula 32 e Apdo. 16.a] FEC) prevese, de acordo co TRLCSP, a posible modificación deste contrato; en concreto, o aumento ou diminución do número de horas de prestación do SAF motivado polo aumento ou diminución das horas de*

prestación do servizo. En todo caso, esa hipotética modificación contractual non podería superar o 30% do prezo do contrato (Apdo. 16.d] FEC).

III.2.3. A prestación do SAF derívase da aplicación da Lei de dependencia, que implica na súa execución ás distintas Admóns. Públicas (estatal, autonómica e local) e atribúe as resolucións sobre o grao e nivel dos usuarios á Xunta de Galicia. Tamén é a Xunta de Galicia a que vai remitando as Resolucións ó Concello para que este inicie a prestación do servizo, incluíndo nas mesmas o número de horas a prestar ós usuarios. Este procedemento provoca situacións imprevistas sobrevidas e de evidente interese público por tratarse de servizos de atención no ámbito dos servizos asistenciais básicos que determinaron, xa co anterior contrato de 2009, o incremento sucesivo do número de horas de prestación do servizo e, polo tanto, tamén do gasto previsto.

III.2.4. Neste sentido, a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia incrementou en abril e maio de 2015 o número de horas do SAF-dependencia que debe prestar este Concello en 2.411, certificando a Secretaria xeral de Política social en setembro de 2015 que o Concello de Vigo dispón de 14.692 horas/mes, polas que a Xunta liquidará e transferirá trimestralmente 9,7€/hora de servizo executada. Así as cousas, resulta necesario para o Concello de Vigo, antes de prorrogar este contrato, modificalo para asumir o maior gasto representado polo aumento de horas/usuarios de SAF-dependencia concedidas, tendo en conta que do prezo/hora do servizo, a Admón. autonómica paga 9,7€ e o Concello 3,45 €.

III.2.5. Tratándose dunha modificación do prezo do contrato, será necesario proceder ó reaxuste da garantía prestada, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de 15 días desde a data en que se notifique ó contratista o acordo de modificación (Art. 99.3 e ccdtes. TRLCSP).

### III.3. PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DO SAF: XUSTIFICACIÓN.

III.3.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 23 do TRLCSP, de carácter básico, preceptúa que a duración dos contratos do sector público establecerase tendo en conta a natureza das prestacións, as características do financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización daquelas.

III.3.2. O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas, sempre que as súas características permanezan inalterables e que a concorrência para a súa adxudicación teña sido realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas. Para tal efecto, o número máximo de prórrogas deberá figurar nos Pregos, como así sucede neste contrato.

III.3.3. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, a non ser que o contrato expresamente prevese o contrario, sen que poida producirse polo simple consentimento tácito das partes.

III.3.4. Especificamente, sobre a duración dos contratos de servizos, prescribe o Art. 303.1 do TRLCSP que estes non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro (4) anos, coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, aínda que poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mútuo acordo das partes antes da finalización daquél, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis (6) anos, e que as prórrogas non superen, aillada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.

III.3.5. O contrato formalizado con "Clece, S.A." é un contrato administrativo de servizos (Arts. 10, 19, 301 e ss. e Anexo II TRLCSP) adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de dous (2) anos desde a súa data de inicio. Como xa se indicou antes, está

expresamente prevista a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

III.3.6. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social como a Xefatura desta Área e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade deste servizo ás persoas e familias no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu contorno habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou outras situacións de risco social para as que resulte un recurso idóneo.

III.3.7. A prórroga realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes (incluída a fórmula de revisión de prezos), sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal suscrito o 20.09.2013 agás a modificación puntual do seu prezo que, abeirada nas previsións do propio contrato, aquí se propón.

III.4. O gasto representado por esta modificación ascendería a 500.000,00 € anuais e suporía un incremento do 17,24% do prezo do contrato, inferior ó máximo previsto no PCAP do 30%. Este gasto podería imputarse, agás indicación noutro sentido da Intervención xeral, á aplicación nº 2310.227.99.01 e bolsa de vinculación da seguinte forma:

-2015 1.005.000,00€ con cargo a aplicación 2310.2279901 e a súa bolsa de vinculación. Da bolsa de vinculación deixaranse sen executar 130.000,00 € da aplicación 2310.2260904 e 1.767,80 € da aplicación 2310.2269900.

-2016 2.395.000,00€ con cargo á aplicación nº 2310.227.99.01 e á súa bolsa de vinculación.

A previsión de gasto para o que resta do exercicio de 2015 é maior que para o 2016 xa que, con máis tempo, poderán realizarse os axustes necesarios no SAF de libre concorrència.

III.5. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberá recabarse e achegarse ó expediente o preceptivo informe da Asesoría xurídica e o de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 109.3 e DA 2ª apdo. 8º do TRLCSP e ccdtes., xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga e modificación contractual.

III.6. A competencia para aprobar a prórroga e modificación deste contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e DA 2ª TRLCSP).

#### IV. CONCLUSIÓN

Entendemos que resulta axustada a Dereito a proposta de modificar nos termos expostos e de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 28.11.2012 polo Concello de Vigo coa entidade "Clece, S.A." para a prestación do SAF, toda vez que:

- a) Tanto a posibilidade de modificar ata nun 30% o prezo deste contrato como a de prorrogalo e o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas no TRLCSP, no propio contrato e no PCAP.
- b) A concorrència para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.

- c) *Modifícase xustificadamente o seu importe para atender ó maior número de horas representado polo incremento do número de persoas usuarias, de acordo coas Resolucións da Consellería de Traballo e Benestar.*
- d) *Constan neste informe, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta primeira prórroga e a modificación do prezo do contrato.*
- e) *Consta tamén a aceptación formal do contratista da proposta de modificación e prórroga do contrato.*
- f) *Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.*

#### V. PROPOSTA DE ACORDO

*Visto o que antecede e a normativa aplicable propónse á XGL, logo dos informes da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,*

##### «ACORDO

*PRIMEIRO: Modificar o contrato de servizos do “Servizo de Axuda no Fogar” adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 23.08.2013 á entidade “Clece, S.A.” (CIF nº A-80364243), formalizado en documento administrativo o 20.09.2013, motivado polo aumento do número de horas de prestación do SAF, por importe de 500.000,00 €, que representa un incremento do 17,24% do prezo do contrato, inferior ó máximo previsto no PCAP do 30%.*

*SEGUNDO: Prorrogar de forma expresa por un período dun (1) ano, desde o 01/10/2015 ata o 30/09/2016, o contrato de servizos do “Servizo de Axuda no Fogar” adxudicado á entidade “Clece, S.A.”.*

*TERCEIRO: Autorizar o gasto para a financiación da prórroga e modificado por importe de 3.400.000 €, sen prexuízo da revisión de prezos que proceda. Este gasto se distribuirá nas seguintes anualidades:*

*-2015 1.005.000,00€ con cargo a aplicación 2310.2279901 e a súa bolsa de vinculación. Da bolsa de vinculación deixaranse sen executar 130.000,00 € da aplicación 2310.2260904 e 1.767,80 € da aplicación 2310.2269900.*

*-2016 2.395.000,00€ con cargo á aplicación nº 2310.227.99.01 e á súa bolsa de vinculación.*

*CUARTO: Deberá procederse ó reaxuste da garantía prestada, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de 15 días desde a data en que se notifique ó contratista o acordo de modificación. O importe reaxustado desa garantía ascendería a 24.038,46 €.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **3(1114).- RESOLUCIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR 2015-2016. EXPTE. 105198/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 29.09.15, dáse conta do informe-proposta da técnica responsable do Servizo de persoas maiores e persoas con discapacidade e axudas municipais escolares, do

29.09.15, conformado polo asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, a xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área de dito Servizo, e a concelleira delegada da Área de Política Social, que di o seguinte:

*Tramitado o correspondente expediente de convocatoria de subvencións e réxime de avaliación individualizada, das axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria, do Concello de Vigo – curso 2015-2016.*

Primeiro.- Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de 10 de abril de 2015(BOP núm. 71 do 16 de abril de 2015), convócanse subvencións en réxime de avaliación individualizada dirixidas ás familias das/os alumnas/os de centros docentes públicos o privados concertados de educación infantil 2ª etapa, educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso 2015-2016 para libros, material escolar e comedor.

Segundo.- Tramitados os expedientes conforme o disposto nas bases da convocatoria, pola comisión de valoración designada ao efecto, elevouse proposta de resolución, achegando a acta da citada comisión de día 17 de setembro.

Terceiro.- Que existe crédito para facer fronte ao gasto de 119.000,00€ para as axudas de libros e material escolar das/os alumnas/os de educación infantil (2ª etapa, 3, 4 e 5 anos) para o curso 2015-2016, con cargo a partida orzamentaria núm. 2310.4810000 -RC 201500023406 mediante libramento a xustificar, que se ingresará na conta habilitada ES 90 2080 5000 67 3110242616, do departamento de Política Social.

Cuarto.- Que existe crédito para facer fronte ao gasto de 1.081.000,00€ para axudas de comedor curso 2015-2016 con cargo a partida orzamentaria núm. 2310.4810000.

exercicio 2015 RC -núm. 2015.000.23406 (366.780,80€)

exercicio 2016 RCFUT1 . 2016.000.23408 (714.219,20€)

Ámbalas dúas cantidades serán pagadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do departamento de Benestar Social.

Quinto.- Da información que obra no poder do departamento de Benestar Social despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións, segundo a base 6ª da convocatoria.

Polo exposto anteriormente, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a adopción dos seguintes acordos:

#### 1. Axudas municipais escolares de libros e material escolar curso 2015-2016:

1.1 Aprobar a concesión de 1252 alumnas/os das axudas de libros e material escolar, que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os da subvención segundo o establecido na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, ase mesmo, cumpren os requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria existindo orzamento para a súa concesión.

Achéganse no listado adxunto Anexo I que comeza por Suárez Rozo, Claudia Patricia cunha renda per cápita anual de -6.048,58€, e remata por Puente Taboas, Sonia (pax. 140) cunha renda per cápita anual de 4.791,31€

1.2 Aprobar a denegación de 719 alumnas/os das axudas de libros e material escolar que se achegan no listado adxunto Anexo I e comeza por Arce González, M. Luz e remata por Muriel Meneses , Antonio, sinalando en cada un deles o motivo da súa denegación.



## *2. Axudas municipais escolares de comedor curso 2014-2015:*

*2.1. Aprobar a concesión de 2.661 alumnas/os para as axudas municipais de comedor que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os da subvención segundo o establecido na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, ase mesmo, cumpren os requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria existindo orzamento para a súa concesión. Achéganse no listado adxunto Anexo II que comeza por Arce González, M. Luz, cunha renda per cápita anual de -13.604,56€, e remata por Torrón Molares, Verónica, cunha renda per cápita anual de 4.789,51€.*

*2.2 Aprobar a denegación de 917 alumnas/os para as axudas municipais de comedor que figura no listado adxunto Anexo II que comeza por Tavera Ascencio, Vanesa e remata por Rivera Carballo, M. Dolores sinalando en cada un deles o motivo da súa denegación.*

*3. Aprobar a publicación da resolución desta convocatoria (Anexo III) no taboleiro de anuncios do Concello, nos centros de servizos sociais (Unidades Básicas de Acción Social) e na páxina web do Concello. Ase mesmo, comunicáraselle a resolución a todos os solicitantes das axudas .*

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adopte o acordo que estime oportuno.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(1115).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE SEIS DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA DO ART. 10.1.D) DA LEI 7/2007 DE 12 DE ABRIL (EBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 27058/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.09.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 24.09.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 17 de setembro de 2015, ordeouse polo Concelleiro-delegado o inicio do expediente para o nomeamento interino por acumulación de tarefas, de seis Diplomados/as en Traballo Social para o Servizo de Benestar Social, pola escasez de RR.HH existentes no Servizo para dar cobertura a actual carga de traballo existente no mesmo, tanto nos servizos comunitarios básicos como no programa de axudas extraordinarias ás familias, pola coxuntura socioeconómica, e a acumulación producida na tramitación das demandas presentadas polos/as cidadáns, segundo escrito remitido polo Xefe da Área de Benestar Social de data 16 de setembro anterior, que conta coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Políticas de Benestar.

O Concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través da referida instrución de servizo, prestou conformidade a proposta, autorizando o urxente nomeamento interino de seis

Diplomados/as en Traballo Social por acumulación de tarefas, previstos no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, nos termos da solicitude do seu Xefe de Área e conforme da Concelleira-delegada da Área de Políticas de Benestar, de data 15 de setembro de 2015.

Na derradeira Oferta de Emprego Público convocada por este concello, incluíronse sete prazas de Diplomado/a en Traballo Social, quedando un total de quince aspirantes, que tendo aprobados tódolos exercicios da oposición non obtiveron praza, pasaron a formar parte dunha lista de substitucións, segundo previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, pero que posteriormente foron nomeadas interinamente con cargo a praza vacante, interinas por acumulación de tarefas (art. 10.1 d), contratadas laboralmente por obra ou servizo determinado, nalgún caso ou ben renunciaron a posibilidade de se-lo, polo que na actualidade a referida lista atópase esgotada.

Sendo necesaria dispoñer dunha lista que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, como Diplomados/as en Traballo Social, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 2 de maio de 2011, adoptou acordo polo que se aprobaron as bases rectoras do proceso selectivo que permita os referidos nomeamentos, que foron publicadas no BOP de data 31/05/2011.

Unha vez executado o referido proceso selectivo, o Órgano de selección na súa sesión de data 29/07/2011, elevou proposta ao Órgano competente contendo a lista de substitucións pola orde de puntuacións composta na actualidade por un total de 5 aspirantes que neste intre non poder ser novamente nomeadas por non cumprir o periodo mínimo de seis meses dende o remate dos seus derradeiros nomeamentos neste Concello, tal e como establece o artigo 10.1.d) do EBEP, coa excepción da aspirante número 7-Fernández Cambra, Patricia, DNI 77.005.279-Z que aceptou expresamente o mesmo e acreditou neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza. A aspirante núm. 6-López Martínez, Marina, foi nomeada interinamente con cargo a praza vacante incluída na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2010-2011, pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 16/07/2014, atopándose na actualidade en situación de servizo activo nesta Administración. Asimesmo, as aspirantes núms. 9-Souto Taboada, M<sup>a</sup>- Julia, 10-García Vila, Tania e, 11-Moreira Souto, Carmen, non foron requeridas por non ter cumprido o periodo mínimo de seis meses desde o seu derradeiro nomeamento neste concello pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 03/10/2014, expte. 25667/220, tomando posesión o 06/10/14, polo que ata o vindeiro 06/10/2015 non están en condicións de ser novamente nomeadas.

Consecuencia do anterior, procede recurrir a nova lista resultante da Bolsa de Emprego de Diplomados/as en Traballo Social formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015.

Seguindo estrictamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como Diplomados/as en Traballo Social das aspirantes nºs 13-RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, YOLANDA, DNI 36.157.312-R, 14-COSTOYA

BELLO, GEMMA MARINA, DNI 44.848.833-Y,, DNI 36.140.852-D, 16-FERNÁNDEZ IGLESIAS, ANA BELEN, DNI 36.112.100-F, 17-VIEITES FREIRE, ADRIANA, DNI 45.870.228-V e, 19-SESTELO FANDIÑO, ESTEFANÍA, DNI 35.585.341-V, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Significar asimesmo, que as aspirantes que figuran nos postos 2-Soto García María del Mar, DNI 36.140.799-W, 3-Cons Castiñeiras, Almudena, DNI 77.409.468-R, 6-Justo Rodríguez, Angela, DNI 47.361.447-P, 15-Vázquez Macías, Luz María, DNI 36.140.852-D e, 18-Álvarez del Campo, Seila, DNI 36.172.939-B renunciaron voluntariamente por escrito a posibilidade de ser nomeadas, polo que pasan a ocupar as derradeiras posicións nesta bolsa de traballo, salvo a aspirante núm. 18-Alvarez del Campo, Seila, que se atopa de baixa por maternidade, circunstancia que se acredita no expediente, polo que mantén a súa posición na lista de conformidade coas normas reguladoras das mesmas.

Asi mesmo, as aspirantes números 1-Andrade Tello, Marta, 4-Díaz Sánchez, Marta, 5-Torreiro Rodríguez, Tamara, 7-Mileti Rodríguez, Eugenia, 8-González Morales, Susana, 9-Barril Vázquez, Jéscica Patricia, 10- Vázquez Otero, Elena e, 12-Suárez Martínez, Marta, atópanse en situación de servizo activo neste Concello, toda vez que foron nomeadas funcionarias interinas por acumulación de tarefas con ocasión da aprobación pola Xunta de Goberno Local de data 29/04/15, do expte. 26503/220.

Nas bases deste proceso de selección, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 16 de xaneiro de 2015, acordouse expresamente que “os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación. A referida lista servirá como lista suplementaria da lista de substitucións derivada do proceso selectivo celebrado para a realización de nomeamentos interinos de Diplomados/as en Traballo Social publicado no BOP de 31/05/2011, e terá validez ata que se convoquen as prazas desta categoría incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2011 pendente de executar, non podendo superar un máximo de tres anos”.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das “Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 81-Diplomado/a en Traballo Social) da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas e publicadas con posterioridade.

Así mesmo, o artigo 10.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respectados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamento

proposto en réxime de interinidade, xa que as citadas candidatas superaron os exercicios da correspondente oposición.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

*“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

*a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sostibilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.*

*b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*

*c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

*d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

*e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*

- f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*
- g) Tráfico, estacionamento de vehículos e movilidad. Transporte colectivo urbano.*
- h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- i) Ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*
- j) Protección da salubridade pública.*
- k) Cemiterios e actividades funerarias.*
- l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*
- m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.*
- n) Participar na vixancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios paraa construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*
- ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadans no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicaciónes”.*

2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

*Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

*–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).
- Intervención Xeral Municipal.
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.
- Recursos Humanos.
- Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
  - b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
19. A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

O artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece que “El Municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en éste artículo, ejerciendo en todo caso, entre otras competencias en materia de evaluación e información de situaciones de necesidad social y la atención inmediata a persoas en situación o riesgo de exclusión social, art. 25.2.e).

O artigo 26 da Lei 7/0985, establece tamén no seu artigo 26.1.c) que os Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes deberán prestar servizos en materia de evaluación e información de situaciones de necesidad social y la atención inmediata a persoas en situación o riesgo de exclusión social.

Trátase polo tanto dunha competencia propia, recollida no art. 25.2.e) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo Instrucción 1/2014 da Intervención Xeral sobre a aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición asinado polo Xefe da Área de Benestar Social, que conta coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e, que obra no expediente.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un periodo de seis meses ascende a un total de 109.804,68€, (das que unicamente 54,902,34€ corresponden ao presente exercicio económico), e imputaríase con cargo a partida 920.0.140.00.00 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de seis funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas como Diplomados/as en Traballo Social, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d)



da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contidas no escrito de data 16 de setembro de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 109.804,68€ (das que unicamente 54,902,34€ corresponden ao presente exercicio económico), con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como Diplomadas en Traballo Social, por un periodo máximo de seis meses, á D<sup>a</sup>. PATRICIA FERNÁNDEZ CAMBRA, DNI 77.005.279-Z, D<sup>a</sup>. YOLANDA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, DNI 36.157.312-R, D<sup>a</sup>. GEMMA MARINA COSTOYA BELLO, DNI 44.848.833-Y, D<sup>a</sup>. ANA BELÉN FERNÁNDEZ IGLESIAS, DNI 36.112.100-F, D<sup>a</sup>. ADRIANA VIEITES FREIRE, DNI 45.870.228-V e, D<sup>a</sup>. ESTEFANÍA SESTELO FANDIÑO, DNI 35.585.341-V, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios dos derradeiros procesos de selección de persoal convocados para o nomeamento de Diplomados/as en Traballo Social autorizado pola Xunta de Goberno Local de datas 29/07/11 e 16/01/2015 e no disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 81, Diplomado/a en Traballo Social, sendo adscritas ao Servizo de Benestar Social (cód. 301).

Cuarto.- A xornada laboral das traballadoras nomeadas, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(1116).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO APARCADOIRO SITO NA PRAZA DE PORTUGAL. EXPTE. 429/449.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17.09.15, e o informe de fiscalización do 23.09.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 25.09.15, conformado pola concelleira-delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

#### *NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).*

#### *ANTECEDENTES*

*Primeiro.- Mediante Orde de Servizo de data 23 de setembro de 2014 o Concelleiro Delegado da área de Fomento acordou que polos servizos técnicos municipais adscritos a esta Concellaría e baixo a coordinación da Xefa do servizo de transportes por corresponder ao citado servizo a competencia en materia de aparcadoiros, se inicie un novo expediente axustado a normativa en vigor reguladora das contratacións administrativas e dicir de conformidade co disposto no Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que aprobábase o texto refundido da lei de contratos do sector público para a adxudicación da concesión da xestión do servizo público do aparcadoiro público da praza de Portugal por procedemento aberto, debendo formularse a proposta sobre os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos a prestación do servizo .*

*Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:*

- *Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola xefa do servizo de transportes , de data 29 de decembro de 2014.*
- *Anteproxecto de explotación económica aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 9 de xaneiro de 2015 e sometido a información pública sen que durante o prazo concedido ao efecto fosen presentadas alegacións .*
- *Anteproxecto de reforma e acondicionamento obras aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 9 de xaneiro de 2015 e sometido a información pública sen que durante o prazo concedido ao efecto fosen presentadas alegacións .*
- *Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) asinado polo enxeñeiro de edificación da xerencia de urbanismo, de data 9 de xullo de 2015 .*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do servizo de contratación, de data 13 de xullo de 2015 .*
- *Informe da Asesoría Xurídica, de data 13 de xullo de 2015.*
- *Informe de intervención de data 31 de agosto de 2015.*

- *Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do servizo de contratación, de data 10 de setembro de 2015.*
- *Informe da Asesoría Xurídica, de data 16 de setembro de 2015.*
- *Informe de intervención de data 23 de setembro de 2015.*

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- *O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 109.1 do TRLCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia estaba delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 8 de febreiro de 2013 nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado da Area de Fomento, en resolución de data 23 de setembro de 2014 acordou o inicio deste expediente de contratación.*

Segundo.- *No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares*

Terceiro.- *O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 109 do TRLCSP.*

Cuarto.- *En cumprimento do disposto nos artigos 113 TRRL e no apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo, en data 13 de xullo de 2014, informe favorable ó expediente de contratación,*

Quinto.- *No artigo 109.3 do TRLCSP se establece que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito. No entanto, o presente contrato non xerará custe económico para a Administración municipal por canto o Concello non aboará prezo ningún. Este será retribuído coas tarifas que abonen os usuarios do servizo e os ingresos complementarios para explotación do mesmo de conformidade co disposto no apartado nº 4 da cláusula 6ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexera a concesión .*

Sexto.- *A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do TRLCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110.1 TRLCSP).*

*Á vista do exposto, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) asinado polo enxeñeiro de edificación da xerencia de urbanismo, de data 9 de xullo de 2015 e o Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do servizo de contratación, de data 10 de setembro de 2015, que rexerán a contratación por procedemento aberto da concesión do servizo público do aparcadoiro sito na Praza de Portugal .*

*2º. Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez.